

## **CARTA DOS PROFESIONAIS DA SANIDADE Á SOCIEDADE VIGUESA**

Quen esta carta subscribimos temos a responsabilidade da atención especializada dos habitantes de Vigo e da súa gran área sanitaria e á súa saúde dedicamos os nosos esforzos e os nosos coñecementos.

As atencións que podemos proporcionarlles víronse historicamente dificultadas pola escaseza de recursos de todo tipo que esta zona inxustificadamente padece. Iso sábeno moi ben os nosos pacientes que veñen soportando durante anos non tolerables demoras e contratempos.

O Novo Hospital de Vigo, en cuxa demanda e deseño participamos de xeito entusiasta durante moito tempo, é a solución correcta por dimensións, servizos e organización a todos estes problemas e estaba listo para licitarse e comezar as obras.

Agora comprobamos que a Consellería pretende facelo mais pequeno, alterar a súa organización deixando parte das súas competencias en mans dun hospital privado, á vez que pretende entregalo durante os próximos 30 anos ao financiamento privado. Iso supón un altísimo custo e que o edificio non pertenza ao SERGAS durante eses trinta anos, pois tamén se cede a súa propiedade.

Estamos convencidos á vista de experiencias alleas que iso hipoteca gravemente os recursos económicos futuros e reducirá os fondos dispoñibles para os servizos, a dotación de profesionais, de futuros equipamentos e outras necesidades e seguirá afectando a calidade do noso traballo profesional, científico e docente.

Movidos unicamente polo noso sentido da responsabilidade profesional ante a sociedade que en nós confía, chamamos á Consellería á sensatez e animamos á sociedade viguesa e da súa área, e ás súas institucións representativas que fagan ver á Xunta de Galicia que é un erro e unha nova discriminación sanitaria ao sur de Galicia, historicamente tan castigado.